

CARLOS VELO  
 Selección de filmes realizados nos dous últimos anos.  
 Outrasvozes (4 ás 19h00)  
 Avión, a aldeia ausente (5 ás 19h00)  
 Arraianos (5 ás 20h30)  
 Adolescentes (7 ás 19h00)  
 Piedad (7 ás 20h00)  
 [NO-RES] Vida i mort d'un espai en tres actes (8 ás 19h00)  
 Si prés si loin (10 ás 19h00)  
 An Anthropological Television Myth (10 ás 20h30)  
 Fora (11 ás 19h00)  
 Seems so long ago, Nancy (12 ás 19h00)  
 N-VI (12 ás 20h00)  
 Kanus (14 ás 19h00)  
 Con etiqueta (14 ás 19h30)

Colaboran  
 Zaira Caamaño Remuña  
 Pablo Cayuela Miguel  
 Xan Gómez Vías  
 Sabela Pillado

Colabora  
 Cultura Comarca de Sobrarbe (Huesca)  
 Espello Festival de Cine Documental  
 Etnográfico de Sobrarbe

SECCIÓN ESPELLO  
 A rocha (4 ás 20h00)  
 Bertolant (8 ás 20h30)  
 Espul (13 ás 19h00)



## SECCIONS




Museo do Pobo Galego  
 4 ao 14 de xuño de 2013



## 8ª MOSTRA DE CINEMA ETNOGRÁFICO

Deseño: Sacauntos Cooperativa Gráfica

Información:  
 Educación e Acción Cultural  
 Museo do Pobo Galego  
 981583620

[deac@museodopobo.com](mailto:deac@museodopobo.com) / [www.museodopobo.com](http://www.museodopobo.com) /  Museo do Pobo galego

Entrada gratuíta



Museo do Pobo Galego



Colabora

Cineclub de Compostela



CINEMA NA HISTORIA  
 O Fondo Ministerio de Agricultura (6 ás 19h30)  
 Integrado actualmente nos fondos do CGAI, trábase dun conxunto de filmes documentais históricos relacionados coa agricultura e co traballo no campo galego. O fondo está composto por aproximadamente 350 copias de películas en 16mm e 35 mm, que se corresponden con arredor de 100 títulos. Unha parte deles son documentais que inclúen localizacións en Galicia e ilustran sobre o traballo no agro do país con interesante información histórica e antropolóxica relacionada tanto co cine como coa vida no medio rural na época á que corresponden. Vanse proxectar *A cidade e o campo* de Carlos Velo; *A muller na comunidade rural e Libres de*, Francisco de la Calle.  
 Proxecto Socheo (13 ás 20h00)  
 O Proxecto Socheo naceu co obxectivo de localizar, estudar, inventariar e dar a coñecer o patrimonio audiovisual da Garda coa colaboración de todas as persoas que garden imaxes de carácter histórico e con valor cultural. O proxecto conta cun grupo de técnicos e especialistas no eido da historia e dos audiovisuais, que encabeza o realizador Xurxo Chirto. O proxecto pretende recuperar unha memoria fráxil pero que pode ser salvada e difundida grazas ás novas ferramentas tecnolóxicas dispoñibles.  
 Colaboran  
 Chema Rodríguez Armada do CGAI  
 Xurxo Chirto e Belli Martínez do Proxecto Socheo

## Martes 4

19h00 *Outrasvozes* · Alberte Pagán · Galicia, 2011 / 49'

'Outrasvozes' son retratos de xente de distintas partes do mundo que veu dar charlas por aquí, para falar dos conflitos do seu país. Persoas de Colombia, o Sáhara, Xordania, Nicaragua, Bolivia, Chile, Chiapas, Perú, Venezuela, Ecuador... Recollo anacos das charlas que deron. O título é o da revista do COSAL, Comité de Solidariedade con América Latina, 'Outrasvozes'.

20h00 *A rocha* · Raúl Santos · Andalucía, 2011 / 85'

PREMIO ESPIELLO RECHIRA

En 1969 o único ditador fascista que sobreviviu á Segunda Guerra Mundial, Francisco Franco, pechou a fronteira con Xibraltar, illando 30.000 persoas sen comida, auga ou liñas telefónicas. Nas súas propias palabras, "la Roca caerá como fruta madura". A poboación das cidades de Xibraltar e La Línea, casaban entre eles e vivían felizmente cos seus fillos bilingües. A decisión do ditador forzou a separación de miles de familias mixtas. Durante 13 anos reunírianse na fronteira cada domingo para ver con prismáticos cómo crecían seus fillos e gritar que os querían na distancia.



## Mércores 5

19h00 *Avión, a aldea ausente* · Marcos e María Hervera · Galicia, 2012 / 88'

O documental trata dunha aldea cuxos membros, na súa maioría, emigraron a México, e este é o punto máis importante da película que comeza por mostrármonos un espazo deshabitado no que comprendemos certos trazos culturais a partir de elementos que se presentan en detalle de xeito repetido.

20h30 *Arraianos* · Eloy Enciso Cachafeiro · Galicia, 2012 / 65'

Retrato da Raia Seca entre Ourense e Portugal e os seus habitantes, botando man parcialmente da obra *O bosque* de Jenaro Marinhas del Valle.

## Xoves 6

19h00 ACTO INAUGURAL

19h30 O fondo do Ministerio de Agricultura

*A cidade e o campo* · Carlos Velo e Fernando Gutiérrez Mantilla, 1934, 13'

*Lires* · Francisco de la Calle, 1969, 20'

*A muller na comunidade rural* · Francisco de la Calle, 1972, 20'



## Venres 7

19h00 *Adolescentes* · Ángel Santos Touza · Galicia, 2011 / 63'

Adolescentes é unha sucesión de retratos filmados. O seu motivo de estudo son rapaces e rapazas que en pequenos ou grandes grupos, en parellas ou en solitario, agardan nas rúas a que o tempo pase a través deles. Uns retratos nos que tan importante é a actitude da nosa mirada -limpa, paciente- como a que os mesmos protagonistas devolven á cámara ou proxectan ao seu arredor. Unha visión da adolescencia contemplativa e non enxuizadora, na que sen embargo podemos recoñecer os modos, lugares e inxenuidades da mocidade.

20h00 *Piedad* · Otto Roca · Galicia, 2012 / 73'

Piedad e José tiveron tres fillos: José Antonio, Adela e Amadeo. É no fogar de Amadeo e a súa compañeira Begoña onde reside agora Piedad. Eles, xunto coas dúas pequerrechas da casa, constitúen o cordón umbilical que procura manter a Piedad en contacto estreito coa vida.

## Sábado 8

19h00 *[NO-RES] Vida i mort d'un espai en tres actes* · Xavier Artigas · Cataluña, 2011 / 86'

Esta é a crónica do último ano da Colònia Castells, unha das últimas colonias fabrís que quedaban en pé en Barcelona. Coa destrución das súas casas baixas desaparece un xeito de entender o espazo urbano. Un caso máis de xentificación nunha cidade-marca que se avergoña do seu pasado obreiro e que se esforza en construír unha mentira, unha fachada que non agocha ren (o no-res en catalán).

20h30 *Bertsolari* · Asier Altuna · Euskadi, 2011 / 85'

PREMIO DO PÚBLICO ESPIELLO BOLTAÑA

O bertsolari, o improvisador de versos cantados en euskera, é unha tradición que ten sabido evolucionar e adaptarse aos tempos conectando coas novas xeracións. Unha arte austera que con similitudes coa nosa da regueifa, xunta miles de persoas diante de oito bertsolaris que disputan a final dun campionato. Bertsolari é unha viaxe a través da poesía improvisada, do silencio e da arte núa.

## Luns 10

19h00 *Si près si loin* · Michel Favre · Suíza, 2012 / 74'

No ano 2011, Carmen Perrin, artista e filla de Alberto Perrin, ofrece os filmes que seu pai realizou no contexto da reforma agraria e da revolución de 1952 en Bolivia para os habitantes nativos da Illa do Sol no lago Titicaca.

20h30 *An Anthropological Television Myth*

Alessandro Gagliardo, Maria Helene Bertino, Dario Castelli · Italia, 2011 / 54'

As historias da televisión penetran tan profundamente no tecido da sociedade que acaban mesmo por construír parte da historia dunha nación. A cámara reuniu fragmentos da vida cotiá e devólvea agora, pasados os anos, aínda capaz de narrar a nosa sociedade, convidándonos a facer unha especie de estudo antropolóxico da cultura televisiva.

## Martes 11

19h00 *Fóra* · Pablo Cayuela e Xan Gómez Viñas · Galicia, 2012 / 95'

Fóra é unha indagación sobre as historias ocultas dun lugar: o edificio do hospital psiquiátrico de Conxo. Empregando un dispositivo audiovisual que parte da posta en imaxe do documento, a longametraxe xera unha corrente alterna entre as imaxes da institución e as voces, ligadas aos relatos que abeira o edificio ou á lectura de fragmentos literarios e fontes documentais escollidas pola súa capacidade de resonancia no presente. A Historia de Conxo -imaxe especular da Historia compostelá- vaíse esfarelado en pequenas historias que revelan a necesidade de explorar máis polo miúdo o significado social de determinados espazos reprimidos da memoria urbana.

20h45 Coloquio

## Mércores 12

19h00 *Seems so long ago, Nancy* · Tatiana Macedo · Portugal, 2012 / 45'

Retrato cinematográfico da espera. Mais non dunha espera activa, é dicir, da espera por algo que vai a acontecer, senón da espera como inacción. As persoas que traballan como vixiantes nun Museo conforman este retrato que se fixa nos xogos de miradas que se atopan, de a quen se dirixen estas miradas ou no feito de mirarnos todos e todas agardando unha anomalía. Un filme de suspense case imposible onde a traxedia poucas veces acontece.

20h00 *N-VI* · Pela del Álamo · Galicia, 2012 / 86'

Unha viaxe pola vía que comunica Madrid e A Coruña, en sentido Galicia, tanto polos tramos novos como polos anacos de vía abandonados, coñecendo as xentes que os poboan.

21h30 Sesión do Cineclub de Compostela no Pichel (Sta. Clara, 21)

En colaboración coa Mostra do MPG, o Cineclub organiza unha sesión especial dedicada ao Cinema Etnográfico.

*Triste Trópico* · Arthur Omar · Brasil, 1974/ 75'



Unha *voice over* que nos fala de Arthur Alvaro de Noronha, un doutor que regresa de París a Brasil despois de rematar os seus estudos en Europa. Escenas de Arthur coa súa familia, Arthur en París e continúa a voz que nos revela a amizade que o doutor forxou con André Breton, Paul Eluard, Max Ernst e Picasso. Omar anuncia así a surrealista biografía que urde en Triste en torno á figura dun médico inventado que acaba por se converter ao mesianismo indíxena. Definido como "documental antropolóxico ficticio", o seu título alude ás memorias etnográficas de Levi-Strauss sobre Brasil e desencadea unha sucesión de evocativas referencias á vangarda caníbal e carnalesca do Manifesto Antropófago de Oswald de Andrade.

## Xoves 13

19h00 *Espui* · Anna Soldevila · Cataluña, 2011 / 61'

PREMIO ESPIELLO AO MELLOR DOCUMENTAL ETNOGRÁFICO

O documental abrangue o auxe e estoupido da burbulla inmobiliaria neste pequeno pobo do Pirineo Catalán, onde se construíu un macro complexo turístico e residencial con pistas de esquí e campo de golf. A realizadora investiu doce anos na rodaxe.

20h00 Proxecto Socheo con Xurxo Chirro e Belí Martínez

O Proxecto Socheo é unha iniciativa compartida que quere localizar, estudar, inventariar e dar a coñecer as imaxes que foron gravadas na Guarda e no Baixo Miño, co obxectivo de salvagardar un patrimonio audiovisual local e proxectalo, sen restricións, cara ao mundo.



## Venres 14

19h00 *Kanús* · Charo Ruiz Gitrama · España, Perú, 2011 / 30'

Contan os vellos que hai anos os bruxos descubriron, nas profundidades do río Kanús, o pobo de Pichu Pich. Hoxe nese mesmo lugar do Amazonas peruano, existe unha pequena e illada comunidade onde indíxenas e mestizos viven de forma separada. *Kanús* é a historia dun indíxena, Alfonso Graña, e un colono, César López, que loitan por preservar a súa propia identidade no territorio que ambos fundaron. Aínda que están condenados a entenderse, nunca sentaron a dialogar.

19h30 *Con etiqueta* · Adriana Pérez · Galicia, 2012 / 63'

Preséntase un grupo de persoas vencelladas de xeitos moi diversos ás doenzas mentais. Xente diagnosticada, xente que diagnostica e familias. Con elas descubrimos todo este proceso vital de xente que comparte etiqueta.

20h30 Coloquio